

25.09.2010



Ler en castelán 

Invocación ao Apóstolo

25 de Setembro de 2010

Señor e noso Amigo , Santiago Apóstolo,

Patrón de España, patrón desta terra galega que alberga as túas sagradas Reliquias, ofrecéndoas á piedade e devoción da Igrexa enteira, aos homes e mulleres, pobos e nacións de toda a terra.

Aquí nos tes, chegamos coas costas cargadas de tantas cousas que ti sabes, ou, quen sabe, coas mans baleiras. Estamos ao redor do teu altar, erixido sobre o teu sagrado sepulcro.

Aquí, en Compostela -campo de Estrelas-, como as que rodearon un día a túa sepultura. As que cada un de nós leva no seu corazón: estrelas de fe, de lume, de ilusión, de amor, de dor e sufrimentos, que cada un ben coñece... Son as luces, "os fogos do Apóstolo", que iluminan, cada día -cada Ano Santo, en particular- o ceo da bendita Cidade de Santiago; e o templo da Gran Perdoanza, obra de arte e de inspiración cristiá.

Luz e amor, que non proceden de nós. Fuches ti quen as sementou no noso chan, e protexiches a sementeira e bendixeches os froitos; a vida cristiá que ti aprendiches dos beizos e o exemplo increíble de Xesús de Nazaré, aquel Home extraordinario, sen deixar de ser Deus, que te escolleu, precisamente a ti e ao teu irmán Xoán, xunto con Pedro (a Rocha firme), para ser os tres máis íntimos amigos seus, no teu paso pola terra.

Somos -ben o sabes- un grupo de fieis que eu presido por primeira vez como Pastor da Igrexa de Tui-Vigo. Non é a cantidade numérica o que ti ves, nin grande nin pequena, non é un dato estatístico. Ti coñécesnos un a un. Deus deuche (¡estamos convencidos!) un corazón inmenso, con capacidade de oírnos, de sorrirnos, de acoller as nosas elocuentes e temblorosas súplicas, de trasladalas ao corazón de Deus.

Veño á fronte desta manifestación de fe cristiá, que desexa adorar a Deus (isto é o primeiro), e agradecer a túa vida e a túa presenza, que os anos non lograron apagar, senón moi ao contrario, mantense -co apoio divino- firme e segura como aquela columna que che entregou (na tamén privilexiada Zaragoza) a Nai de Xesús.

Ti fuches un dos que oíches ao Mestre Divino, aquela doce e valente expresión: "Eu son o camiño".

O camiño é seguir a Xesús, ao seu lado. O camiño da nosa pobre vida, con tantos altibaixos. O camiño entre os homes e mulleres, próximos ou afastados. O camiño cara a Deus, a nosa meta final na Patria.

Nós imos por onde outros foron. E deixamos unha pegada, máis doada e máis segura aos que nos sucedan neste incesante camiñar.


Alá na Idade Media, partía de Tui -iniciaba o camiño a Santiago- un home sinxelo, humilde, un verdadeiro Santo. Non viña a Santiago -como vimos hoxe nós- a obter grazas dalgún xubileo...

Saíu xa enfermo, porque os seus Superiores queríano ter preto no Convento dos Dominicos desta Cidade.

Ben sabes, Santiago Apóstolo, que estou falando de San Telmo, Pedro González Telmo, patrón da nosa Diocese de Tui, agora de Tui-Vigo.

A verdade é que non saíu das aforas de Tui; tivo que regresar á cidade, e alí consumou o seu camiño. A morte santa identificouno con Xesús: Camiño, Verdade e Vida.

Que a Nai bendita de Xesús -e, polo mesmo, Nai nosa-, a Virxe Camiñante e Peregrina neste val de bágoas nos alcance o gozo de chegar á Patria.

The image shows a handwritten signature in black ink, which appears to read 'Luís Quinteiro Fiuza'. To the left of the signature is a circular official seal of the Diocese of Tui-Vigo. The seal features a central coat of arms with a crown on top, surrounded by a Latin inscription: 'DIOCESI TUI-VIGIENSIS' at the top and 'SIGILLUM' at the bottom.

Luís Quinteiro Fiuza
BISPO DE TUI-VIGO

Luís Quinteiro Fiuza

Bispo de Tui-Vigo